

Investimento e austeridade na Union Europeaia

Description

Na Union Europeaia hai un dares e teres entre os partidarios da austeridade, encabezados pola Alemaña, e os partidarios do investimento, encabezados pola Franza. Cadaquen está ao que lle conven. Alemaña quer colocar as suas exportacions por cima de todo porque os políticos alemans saben que sen iso non poderian garantir un nivel de vida decente e que diso depende que voten por eles. Franza quer sair como sexa do desastre político e económico no que está metida, e os políticos franceses saben que diso depende que eles sobrevivan. E os países do norte non queren pagar o que ven como dispendio polos países do sur, e que estes ven como o que lles é debido.

Na Union Europeaia hai un dares e teres entre os partidarios da austeridade, encabezados pola Alemaña, e os partidarios do investimento, encabezados pola Franza. Cadaquen está ao que lle conven. Alemaña quer colocar as suas exportacions por cima de todo porque os políticos alemans saben que sen iso non poderian garantir un nivel de vida decente e que diso depende que voten por eles. Franza quer sair como sexa do desastre político e económico no que está metida, e os políticos franceses saben que diso depende que eles sobrevivan. E os países do norte non queren pagar o que ven como dispendio polos países do sur, e que estes ven como o que lles é debido.

O dares e teres resultou nun anuncio pola Comision Europeaia da criacion dun fondo de investimento en infraestrutura. O investimento será duns trescentos quince mil millóns de euros e estará listo a mediados do 2015. A parte mais importante dese anuncio é o da creación dun fondo europeo de investimento estratéxico que contará cunha aportacion do Banco Europeo de Investimento de cinco mil millóns de euros e o resto virá do investimento privado.

Ese plan de investimento foi de grande importancia na campaña de Jean Claude Juncker para ser o novo presidente da Comision Europeaia. Juncker confía agora en que sirva para sacalo do escándalo chamado "Luxeleaks" no que está metido desde que houbo fugas de informacion e se descubriu que, ao mesmo tempo que se forzaban políticas de austeridade e desemprego e se predicaba en contra dos paraísos fiscais, as grandes firmas comerciais usaban Luxemburgo para non pagar impostos, e que fora Juncker o que mais axudara a levar grandes firmas, particulares e políticos a ese paraíso fiscal do que ele foi Primeiro Ministro durante dezaioito anos. Todo iso sabían moi ben os políticos da Union Europeaia que o nomearon para que encabezase a Comision Europeaia, seguramente por admiracion á "habildade" política que demostraba.

Se o plan de investimento vai adiante, é doado imaxinar o resultado: diñeiro a oito canalizado para proxectos grandiosos nalguns países, construcion de magníficas estradas que só utilizarán as elites sen que ninguen lles estorbe, e maior enriquecemento para as mafias e os políticos que as protexen.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa

ETIQUETAS

Unión Europeaia Alemaña Juncker Austeridade

IDIOMA

Galego

Date Created

Decembro 11, 2014

Meta Fields

Autoria : 3769

Datapublicacion : 2014-12-08 00:00:00

Subtitulo : Unha reflexión de Teresa Barro